

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A cova dos mouros de Castrelos

En Castrelos, Vigo, a tres metros do lavadoiro da Rúa Mestres Goldar, antes de chegar á igrexa de Castrelos, houbo unha cova que agora está tapiada e abandonada.

De nenos incluso nos metiamos uns metros, pero en seguida recuabamos porque cada vez estreitábase máis. As version variaban segundo quen as contaba, aínda que, basicamente, coincidían en que era unha cova dos mouros, que alguén (na guerra dicían algúns) entrara esconderse (ou buscar os tesouros) e atoparan armas e ósos de homes.

Había quen engadía que a cova chegaba ate o Pazo de Castrelos ,que iso, xa de nenos, parecíanos unha exasercion. Pero o dos mouros era verdade, verdade...

[Texto elaborado por José Carlos Rodríguez, de Vigo]

BIBLIOGRAFÍA

Nota:

Só escribo o que de neno e de rapaz me contaron a miña avoa e os veciños. Dixéronme que incluso escribira sobre disto Castelao, pero tamén pode ser unha lenda.